

A Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo convoca o programa de actividades Compostela Móvese no marco das súas actuacións en materia de Promoción Económica. O programa Compostela Móvese integra continuando coa liña aberta en anos anteriores baixo o nome Santiago Investors Support ou Compostela Activa todas as accións da Oficina de Promoción Económica relacionadas co apoio á cultura emprendedora e á mellora e desenvolvemento do tecido económico de Compostela.

A Oficina de Promoción Económica leva apoiando a creación de empresas e o autoemprego a través de programas de formación, dinamización da actividade económica, encontro comercial e axudas dende a súa creación no ano 2004, existindo ademais esta competencia e actividade con anterioridade a esa data na extinta Axencia de Desenvolvemento Local.

Este programa de dinamización económica ten como principal obxectivo apoiar un modelo de desenvolvemento económico local endóxico, cooperativo e asentado na identidade e na historia do territorio no que se produce. Buscamos asentar os procesos de mellora empresarial e emprendemento nos valores diferenciais do tecido socioeconómico do concello

Compostela Móvese, móvese para medrar e facer as cousas ao seu xeito, porque o noso tecido empresarial é rico e diferente e ten identidade propia. Porque queremos visibilizar que este concello está inzado de iniciativas económicas e experiencias que paga a pena coñecer e compartir. Partimos da base da riqueza en coñecemento, profesionais e ideas do noso territorio e buscamos artellar espazos de intercambio, formación e crecemento das mesmas. Coa óptica social, colaborativa, territorial e da sostibilidade acompañando cada unha das actividades previstas. Buscando un modelo de desenvolvemento multisector e policéntrico, que contribúa á democratización real do acceso ao emprendemento e á mellora e desenvolvemento do tecido socioeconómico de Compostela

E neste contexto é no que a Oficina de Promoción Económica organiza o COMPOSTELA STARTUP CLINIC recollendo a necesidade detectada tras moitos anos de xestión e impartición de actividades de formación para o emprendemento, de carácter gratuíto que busca promover a creación de empresas entre a cidadanía de Santiago de Compostela

## **BASES DA "I EDICIÓN DO COMPOSTELA STARTUP CLINIC"**

### **BASES REGULADORAS**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é establecer as normas que rexerán a Primeira Edición do "Compostela StartupClinic" organizado pola Oficina de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2015.

#### **SEGUNDA: FINALIDADE**

A actividade "Compostela StartupClinic" pretende impulsar a creación de iniciativas empresariais que incorporen ideas innovadoras en procesos, produtos, sistemas ou servizos capaces de contribuir á xeración de riquezas e emprego de calidade no Concello de Santiago de Compostela, a través da creación dunha contorna dinámica e amigable onde as emprendedoras e emprendedores avalíen a viabilidade dos seus proxectos, relacionándose con outras persoas asistentes e responsables de novas empresas.

#### **TERCEIRA: PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán participar neste concurso, as emprendedoras e os emprendedores cunha idea ou un novo proxecto empresarial, válido e viable para poñer en marcha no Concello de Santiago de Compostela.

---


#### **Oficina de Promoción Económica**

**Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. .**

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [cersia@santiagodecompostela.org](mailto:cersia@santiagodecompostela.org). Páxina web: [www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)



## CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Economía,  
Comercio, Turismo e Mercados

Poderán participar empresas con menos de dous anos de antigüidade desde a súa constitución, que desexen avaliar o seu modelo de negocio, que o seu proxecto implique unha nova liña de actividade para a empresa ou que inclúan ideas innovadoras en produtos, procesos de produción ou servizos que contribúan á riqueza e emprego no concello.

### CUARTA: REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Os proxectos ou ideas empresariais que se presenten deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Potencialidade técnica, económica e financeira do proxecto ou idea empresarial.
- A creación de postos de traballo, calidade e estabilidade dos mesmos.
- Carácter innovador e orixinal da idea.
- Conexión coa realidade socio-económica de Compostela

### QUINTA: FASES DO “COMPOSTELA STARTUP CLINIC”

O Compostela StartupClinic contará coas seguintes fases:

- Convocatoria: Inscripción de proxectos e emprendedores.
- Selección: avaliación das propostas para a súa inclusión no “Compostela StartupClinic”.
- Primeira Xornada: traballo cas emprendedores e emprendedores onde recibirán formación e madurarase a súa idea de negocio.
- Segunda Xornada: unha semana logo da Primeira Xornada, prepararanse os proxectos para a súa presentación ante o xurado, exposición ante o devandito xurado e entrega de premios.

### SEXTA: CONVOCATORIA E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será ata as 14:00 horas do día 3 de Decembro de 2015.

As solicitudes para a participación das ideas ou proxectos presentaranse a través da web do evento (<http://www.startupclinic.blubusiness.es/>) onde se indicará, xunto á descrición do proxecto, o nome, dirección, teléfono e correo electrónico da emprendedora ou emprendedor, así como o grupo de emprendedoras e emprendedores, si fose o caso.

### SÉTIMA: SELECCIÓN DE PROXECTOS

Persoal Técnico do Concello de Santiago de Compostela e persoas expertas en emprendemento avaliarán as ideas ou proxectos para a súa inclusión no “Compostela StartupClinic” en base aos seguintes criterios:

- Orixinalidade
- Solidez da proposta
- Sostibilidade económica e social
- Impulso ao emprego
- Carácter innovador
- Carácter factible e realista
- Respecto co medio ambiente
- Implantación a curto prazo
- Grupo multidisciplinar

### OITAVA: DATAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN

O “Compostela StartupClinic” Celebrarase nas seguintes datas:

- Primeira Xornada: o 9 de Decembro de 2015
- Segunda Xornada: o 11 de Decembro de 2015

---


#### Oficina de Promoción Económica

Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. .

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [cersia@santiagodecompostela.org](mailto:cersia@santiagodecompostela.org). Páxina web: [www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)



## CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Economía,  
Comercio, Turismo e Mercados

O lugar de celebración será o Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura.

### NOVENA: PREMIOS

Os premios serán entregados polo Xurado durante a celebración da Segunda Xornada. Habrá tres categorías:

- Premio ao Mellor Proxecto:
  - Asesoramento para estudar a viabilidade do proxecto e a procura de financiamento.
  - Alta e cuotasgratuitas durante nove meses na Asociación de Jóvenes Empresarios da Coruña (AJE) e acceso ós servizos que presta esta asociación a emprendedores,
  - Dúas sesións de coaching ao equipo promotor.
  - Curso en técnicas de venda para o equipo promotor.
- Premio Muller Emprendedora:
  - Asesoramento por parte do programa Woman Emprende para estudar a viabilidade do proxecto e a procura de financiamento.
  - Alta e cuotasgratuitas durante nove meses na Asociación de Jóvenes Empresarios da Coruña (AJE) acceso ós servizos que presta esta asociación a emprendedores.
  - Dúas sesións de coaching ao equipo promotor.

Só poderán optar ó premio de Muller Emprededora aqueles proxectos que estean liderados por una muller.

- Premio ao Mellor Proxecto Cultural:
  - Un ano gratis no espazo coworking no Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura.
  - Asesoramento para estudar a viabilidade do proxecto e a procura de financiamento.
  - Dúas sesións de coaching ao equipo promotor.

So Poderán optar ao premio Mellor Proxecto Cultural:

- Aqueles proxectos con relación coa industria cultural e creativa.
- Proxectos formado por un equipo radicado, na súa maioría, en Galicia.

### DÉCIMA: XURADO

O Xurado terá carácter multidisciplinar e estará integrado por persoal técnico e experto no ámbito empresarial, do sector público e privado:

- Unha persoa representante da AJE
- Unha persoa representante do Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura
- Unha persoa membro do equipo técnico da oficina de Promoción Económica do Concello de Santiago de Compostela
- Unha persoa representante de Woman Emprende
- Unha persoa membro da organización

### DÉCIMO PRIMEIRA: CONFIDENCIALIDADE

Ao longo de todo o “Compostela StartupClinic”, garantirase a total confidencialidade respecto das ideas e proxectos presentados. A información recollida durante todo o proceso considérase propiedade exclusiva das persoas participantes e será tratada con confidencialidade. Para todos os efectos, a solicitude de participación terá a consideración de compromiso de confidencialidade entre as partes asinantes.

---

#### Oficina de Promoción Económica

Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo. .

Edificio CERSIA Empresa. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, S/n CP15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [cersia@santiagodecompostela.org](mailto:cersia@santiagodecompostela.org). Páxina web: [www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)

En calquera caso, poderanse difundir os títulos e as características xerais dos proxectos participantes así como os nomes das gañadoras e gañadores dos premios, que poderán ser publicados polos medios que o Concello de Santiago de Compostela considere oportunos.

**DÉCIMO SEGUNDA: PROTECCIÓN DE DATOS**

A presentación ao "Compostela StartupClinic" supón a incorporación dos datos persoais nos ficheiros automatizados e non automatizados do Concello de Santiago de Compostela, Devanditos datos conservaranse con carácter confidencial e sen prexuízo das remisións de obrigado cumprimento, segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal así como no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos.

A utilización de devanditos datos non poderá servir a un fin distinto da participación no "Compostela StartupClinic"

**DÉCIMO SEGUNDA: ACEPTACIÓN DAS BASES**

A presentación dunha idea ou proxecto a este evento implica necesariamente:

- A aceptación íntegra e incondicional destas bases por parte da ou do participante, así como da decisión do Xurado, que terá potestade para interpretar calquera dúbida sobre os contidos das bases.
- Consentimento da ou do participante na divulgación da súa identidade e da idea ou proxecto innovador, sendo a súa responsabilidade a protección da súa idea a efectos da Lei de Propiedade Intelectual e/ou Industrial que no seu caso corresponda quedando o Concello de Santiago de Compostela eximido de calquera responsabilidade en devandita materia.
- A garantía por parte do ou a participante, con total indemnidade para o Concello de Santiago de Compostela de que a autoría da idea ou proxecto presentado, non sexa ningunha copia nin modificación total ou parcial doutro e que non vulnera ningún dereito de propiedade intelectual ou industrial, deber de segredo ou pacto de confidencialidade.

O incumplimento destas bases ou a falta de veracidade en realizar estas manifestacións e garantías por parte da ou do participante comportarán a perda do premio que lle fose concedido.

A organización resérvase o dereito de declarar desertos os premios por non cumprir os requisitos mínimos.

As incidencias que poidan suscitarse nos supostos non previstos nas presentes bases, serán resoltas pola entidade organizadora.

**A realización da preinscrición on line no sitio web <http://startupclinic.blubusiness.es/> implica a aceptación das bases xenericas do Compostela Móvese, así como das condicións específicas establecidas nas presentes bases para esta acción.**

**O Concello de Santiago reservase o dereito a modificar por necesidades do servizo e para un mellor funcionamento do programa as datas concretas de realización das citadas actividades publicadas, así como a cancelar a actividade se non se cumpre o número mínimo de persoas participantes establecido en cada caso, circunstancia que será comunicada ás persoas participantes.**

Para calquera información, queixa ou suxestión sobre o presente programa de actividades, poderase contactar coa Oficina de Promoción Económica a través do correo electrónico [cersia@santiagodecompostela.org](mailto:cersia@santiagodecompostela.org)